

# O CULTO ÁS NINFAS NAS TERMAS DE LUGO

Por Francisco HERVES RAIGOSO  
Gonzalo MEIJIDE CAMESELLE

Empresa de Arqueoloxía GROMA  
Grupo Arqueolóxico Larouco  
Arqueólogo Territorial  
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo  
Delegación de Lugo

**Abstract:** In the roman Spa of Lugo, fourteen broken altars were found. The most amazing was that they were tossed inside a piscina. At least six of them were dedicated to the Nymphs. During the excavation it was found also a palaestra and basilica thermarun. All this spoke of the relevance of the roman thermae of Lucus Augusti, with strong similarities with places like Bath or Badenweiler.

**Key words:** Roman Baths, Roman Altars, Roman Religion

As escavacións arqueolóxicas levadas a cabo nos últimos anos no balneario de Lugo cambiaron de forma radical o noso coñecemento sobre o edificio termal<sup>1</sup>. Non imos entrar en detalle sobre os resultados da investigación, xa que o noso obxectivo é dar a coñecer o recente achado dun conxunto de aras, de xeito que estea dispoñible o antes posible para a comunidade científica<sup>2</sup>. Nembargantes, si faise preciso dar unhas pinceladas sobre o contexto no que se produce este importante descubrimento.

As intervencións ata agora centráronse no xardín da faciana principal e no patio posterior do balneario. Ambos escenarios foron moi fructíferos para o coñecemento da orixe das termas e a súa historia. Ademais tiñamos as salas do chamado apodyterium e da capela, no interior do balneario, que foran obxecto dalgúns estudos<sup>3</sup>. Finalmente existe documentación histórica que ilustra sobre o

---

<sup>1</sup> Estas intervencións están encadradas no Plan Director das Termas de Lugo. O arquitecto responsable do mesmo é D. Antonio de Vega. A documentación histórica e arqueolóxica para o mesmo foi recollida por D. Felipe Arias Vilas. Gonzalo Meijide é o responsable do Plan Arqueolóxico e da elaboración dos proxectos arqueolóxicos individuais. Francisco Herves é o Director das escavacións dende a aprobación do plan. A financiación do proxecto correu a cargo de D. Antonio Garaloces, propietario das modernas instalacións termais. Outras intervencións de interese neste ámbito foron dirixidas por D. Enrique González e Dña. Covadonga Carreño.

<sup>2</sup> Se nos pode acusar de apresuramento, xa que fai a penas 10 días dende o remate desta fase de escavacións, e pouco máis dende o achado das aras. Somos conscientes de que detrás dos trianomina hai moita información agachada, de importancia para a historia romana de Galicia. Tamén de que hoxe facer unha lectura é arriscado, xa que cando rematemos de escavar a piscina é moi probable que atopemos os fragmentos que faltan das aras que agora publicamos. Pero o mesmo tempo pensamos que non sería xusto reter esta información, xa que hai moitos traballos en curso sobre epigrafía ou relixión que sen dúbida agradecerán estes datos.

<sup>3</sup> O valeirado do «APODYTERIUM» baixo a supervisión de Felipe Arias permitira definir un nivel

que se conservaba da obra romana nos séculos XVI-XIX. Entre ela destaca o plano realizado polo enxeñeiro militar Pedro Giraldo en 1812, que recolle as estancias romanas conservadas naquela época.

Polo que sabemos o conxunto romano estendíase nun eixo paralelo ó río, abranguendo unha superficie moi superior á do edificio actual. Río abaixo, cara o SE, documentamos dous espacios porticados. O máis antigo, debeu funcionar primeiro como unha pequena palaestra, con pavimento de opus signinum. Nun segundo momento, convértese posiblemente nunha basilica *thermarum*<sup>4</sup>. Hai unha modificación nesta estancia, e as columnas do estilóbato son substituídas por piares, para posibilitar a cuberta de todo o espacio.

Na zona intermedia, baixo o actual hotel-balneario, están as habitacións abovedadas coñecidas como *apodyterium*. Esta identificación baseouse na presenza de nichos nas paredes, anque este tipo de elemento non sempre está asociado cos vestiarios<sup>5</sup>. Na nova imaxe que se vai xerando da estrutura arquitectónica das termas non parece encaixar moi ben esta identificación. Mais ben parece que estamos no corazón da zona de baños. O plano de Giraldo sinala a presenza dunha piscina ou pío, do que tamén falan as fontes históricas, e que moi probablemente é de orixe romana. Tamén recolle o plano unha pequena estancia con ábsidas nas esquinas que lembra a planta típica do *laconicum*. Finalmente compre lembrar que neste sector está unha das captacións do actual balneario, que é de orixe romana. De tódolos xeitos, a identificación da función destas estancias deberá esperar ás últimas fases do proxecto arqueolóxico do balneario, cando se interveña neste sector.

É no patio posterior onde se produciu o achado obxecto deste breve artigo. Ó igual que na parte dianteira, detectamos varias fases constructivas. A zona está en xeral moi alterada, polo que non é doado definir con claridade este espacio, delimitado cara ó Norte por un muro paralelo ó río. A impresión que temos é que en gran medida sería un espacio aberto, quizás porticado, coa excepción do sector máis próximo ó edificio actual. É importante sinalar que ó igual que no xardín principal detectouse unha profunda remodelación de toda a edificación. No eixo central escavouse parte dunha gran piscina, con paredes de formigón revestido cun revoco arrubiado. No seu interior apareceron os 14 fragmentos de aras ós que nos referiremos máis adiante, xunto cunha base de columna de mármore e outros elementos arquitectónicos. Todas as aras están rotas, o que invita a pensar que a súa destrución foi intencionada, e que foron arroxadas de forma deliberada na piscina para anular o seu uso. Os materiais cerámicos asociados a este depósito falan dunha data posterior ó século IV.

---

de pavimento de opus signinum. Os estudos máis recentes, con documentación histórica en: Meijide, 1996; Arias Vilas, de Vega Rodríguez, 1997; Arias Vilas, 1998, t. 2, pp. 1209-1223. Compre sinalar, que todos os planos publicados destas estancias son erróneos, xa que a capela está perfectamente aliñada coas habitacións dos nichos.

<sup>4</sup> Sobre os problemas e polémicas xurdidas sobre a diferenza entre a palaestra e a basilica *thermarum* vid: Yegül, 1995, pp. 161-162; Nielsen, 1990, p. 54, 81-82.

<sup>5</sup> Inge Nielsen sinala a existencia destes nichos como unha pauta típica dos primeiros baños, nos que estaban presentes tamén nas estancias quentes, como o *caldarium* e *tepidarium*. Nielsen, 1990, p. 67.

A información recollida nas últimas escavacións leva a orixe das termas ó século primeiro. Anque o conxunto supón un gran esforzo de enxeñería, con potentes muros de opus caementicium para frear as crecidas do río, dende o principio estivo ameazado pola auga. En xeral parece que as remodelacións de determinadas áreas fixéronse para subir a cota dos pavimentos, anque tamén para ampliar o espazo, como foi no caso da palestra. É posiblemente nun momento avanzado abandonáronse parte das instalacións, reducíndose o uso das termas a súa función terapéutica.

Nalgunha ocasión sinalouse a pouca entidade das Termas de Lugo, e o seu carácter local, afastado dos arquetipos romanos (ARIAS VILAS, 1998, p. 1214). Esta imaxe quizás fora lóxica a causa da inexistencia de escavacións arqueolóxicas. Hoxe sabemos que o que se conservaba á vista era só unha pequena parte do conxunto. Este incluía moitas estancias e varias piscinas, e como mínimo utilizaba tres captacións de auga termal. Anque aínda non o podemos afirmar con total seguridade, é moi probable que houbera a clásica secuencia de baños quentes, amornados e fríos. A existencia da palestra e basilica *thermarum*, como lugares de reunión e práctica de deportes, danlle o carácter de *thermae* en sentido estricto<sup>6</sup>, e o afastan doutros balnearios da época, limitados ó uso curativo das augas, e de dimensións mais modestas. Alomenos non primeiros tempos da súa historia cumpría tanto as funcións hixiénico-social, como a terapéutica-relixiosa, da que son testemuña as aras atopadas. Esta dobre función nun único conxunto non é excepcional. Na realidade teríamos aquí posiblemente algo similar as termas de Bath (CUNLIFFE, 1995) ou Badenweiler (YEGÜL, 1995, pp. 119-120)

## AS ARAS<sup>7</sup>

Na escavación da piscina, nunha área de a penas 6 m<sup>2</sup>., recuperáronse, xunto a cerámicas datables no s. IV d.C., material óseo e una base de mármore, catorce fragmentos distintos de aras votivas, das que seis, alomenos, mostran dedicatorias ás Ninfas. Tanto polo contexto arqueolóxico, como polo número e calidade dos epígrafes descubertos, non parece arriscado supoñer que proceden dalgún templo ou espazo sacro situado nas inmediacións da piscina.

A lectura é en xeral bastante sinxela, e só algunhas letras son problemáticas. Ó estar fragmentadas, o que se conserva é o nome da divindade e/ou dedicante, ou a fórmula final.

1. Metade superior dun ara votiva sen *foculus* e con acróteras incipientes. Granito de regular calidade, erosionado e pulido. Medidas: 47 x 38 x 27 cm.L: 5 cm. O dedicante posúe trianomina de rancio avoengo, que o fan candidato a un

---

<sup>6</sup> Nielsen diferencia dende o punto de vista clasificatorio entre *thermae* e *baenea*, utilizando a presenza da palestra e/ou basilica *thermarum* como elemento discriminador. Nielsen, Op. Cit. , p. 3

<sup>7</sup> Agradecemos ó Prof. Antonio Rodríguez Colemenero os seus comentarios sobre a lectura das aras.

posto non desdeñable na administración imperial. Polo tipo de letra podería ser do Alto-Imperio. (Lám. 1, 1)

N Y M P H I S

M (arcvs). VLP(ivs). LON

GINIANUS

2. Metade superior dun ara ás ninfas, con círculo en relevo, substituíndo ó clásico foculus entre acróteras. Granito de boa calidade. Medidas: 45,5 x 38'5 x 21'5 cm. L: 6 cm. De novo o dedicante con trianomina, parece cidadán romano. (Lám. 1, 2)

N Y M P H I S

L (vcivs). VAL (erivs). M [aximvs] ?

3. Metade superior dun ara votiva con foculus ben marcado, delimitado por un verdugón en resalte entre acróteras fragmentadas e moi desgastadas. Granito de mediana calidade. Medidas: 48 x 41 x 27 cm. L: 7 cm. O estado da ara impide recoñecer o nome do dedicante. Só se aprecian os trazos dalgunhas letras. (Lám. 2, 3)

N Y M P H I S

(---) E ' V (---)

4. Parte superior dun ara votiva carente de foculus, substituído por unha superficie plana, entre acroteras pouco desenvoltas. Falla a parte do dedicante. Apareceron restos de pintura vermella nas letras da primeira ringleira. Posible datación altoimperial, atendendo os riscos paleográficos. Granito de boa calidade, con moita biotita. Medidas: 56,2 x 61'0 x 37'0 cm. L: 8/6 cm. (Lám. 2, 4)

N Y M P (his)

S A C [rvm]

5. Parte superior dunha ara, con foculus delimitado por un verdugón cordado, anoado con ambas acróteras, de coidada factura, anque fragmentadas. Granito de mediana calidade. Medidas: 58 x 39 x 23'5 cm. L: 5'4 x 4'5 cm. De novo o dedicante con trianomina, parece cidadán romano. Polo tipo de letra podería encaixar nos séculos II o III d.C. (Lám. 3, 5)

M (arcvs) HORTENSIVS

[MAXI] MINIANVS

6. Fragmento inferior dunha inscrición votiva oficial, a vulgar polo texto CVRA AGENTE. Existen algúns persoeiros xa estudados na prosopografía con este cognomen. Medidas: Altura de letra: 5/7 cm. (Lám. 3, 6)

//(EX) VOTO

[CVR] A. AGENTE

..[-----] GERMANO

7. Parte inferior dunha ara moi fragmentada, de granito de mediana calidade, que só conserva a liña da fórmula votiva. Medidas: 38 x 46 x 24 cm. L: 3'5 cm. (Lám. 4, 7)

[V (OTVM)] S (olvit). L(ibens). M (erito)

8. Parte inferior dunha ara fragmentada, coa mesma fórmula votiva que a anterior. Granito de regular calidade. Medidas: 53,5 x 48 x 32 cm. L: 5'5 cm. (Lám. 4, 8)

V (otum). S (olvit). L(ibens). M (erito)

9. Metade superior dunha ara con foculus en resalte, entre acróteras ben definidas e prominentes. Na banda media da cornixa parecen divisarse vestixios de letras, que poderían corresponder á terminación ---ltio. O campo epigráfico redúcese a dúas ringleiras fragmentadas e superpostas. A lectura do cognomen é dubidosa a causa do estado da peza (podería ser tamén LI[c (inivs), e se trataría dun persoeiro de alto rango, bastante coñecido nos estudos prosopográficos). Granito de boa calidade. Medidas: 56'0 x 55'0 x 26'5 cm. L: 7 cm.

L(vcivs).LARCI(vs)

CL(avdianvs) ?. IO[---]

10. Metade superior dunha ara con foculus entre acróteras de coidada execución. Conserva restos de pintura vermella. Granito de boa calidade. Medidas: 35x 48 x 24'5 cm. L: 7 cm.

N Y M (phis)

11. Metade superior dunha ara pequena, moi deteriorada pola acción da auga sulfurosa. Conserva un lateral e tres letras do campo epigráfico moi erosionadas. Medidas: L: 6'5 cm.

N Y M (phis)

12. Parte inferior de un ara, posiblemente coa fórmula Ex Voto. Granito de mediana calidade. Medidas: 35 x 53'5 x 24 cm. L: 4'5 cm.

(Ex). V (oto)

13. Parte inferior dunha ara. O deterioro do campo epigráfico só permite recoñecer a letra F. Granito de mediana calidade, moi desgastado. Medidas: 45 x 42 x 24 cm. L: 5'5 cm.

[---]. F [---]

14. Parte inferior dunha ara, con parte da fórmula votiva. Granito de mediana calidade, moi desgastado. Medidas: 39 x 38 x 28 cm. L: 5'5 cm.

[---] V S [---]

Hai varios aspectos que compre destacar neste descubrimento. Cando a divindade está clara son sempre as ninfas, e neste senso reafirma todo o que se ten dito sobre a importancia deste culto en relación coas augas termais, sobre todo no Noroeste da Península Ibérica (DIEZ DE VELASCO, 1998). E estes novo datos incrementan de forma considerable as testemuñas deste culto na Gallaecia. Deste xeito tamén se confirma a utilización terapéutica das augas das Termas de Lugo. Outro aspecto importante refírese a os dedicantes, con trianamina, posiblemente de orixe romana, e polo menos nalgúns casos, con altos cargos na administración.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS VILAS, F., VEGA RODRÍGUEZ, A. DE, Las termas romanas de Lugo, I Congreso peninsular de termalismo antiguo, (la Rioja 1996), Madrid 1997, pp. 345-351.
- ARIAS VILAS, F., Lucus Augusti e o río Miño: as termas e o seu entorno, Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico (Lugo 1996), Lugo 1998, t. 2, pp. 1209-1223.
- CUNLIFFE, B., Roman Bath, Londres, 1995.
- DIEZ DE VELASCO, F. La sacralización del agua termal en la Península Ibérica y el norte de África en el mundo antiguo, Revista de Ciencias de las Religiones, Madrid, 1998.
- MEIJIDE FAILDE, R., Termas de Lugo. Pasado, presente, Lugo, 1996.
- NIELSEN, INGE, Thermae et Balnea, Aarhus, 1990.
- YEGÜL, F., Baths and Bathing in Classical Antiquity, Cambridge, Mass., 1995.







Lámina 1




48,0 x 41,0 x 27,0 cms. L: 7 cms.

30 cms.



48,0 x 27,0 cms.

NYMPHIS  
E'V



56,2 x 61,0 x 37,0 cms. L: 8/6 cms.


30 cms.

NYMP  
SA r

Lámina 2



5




50,0 x 24,0 cms.

58,0 x 39,0 x 23,5 cms. L: 5,4/4,5 cms.



A · HORTENSIVS  
NINIANVS

6




VOTO  
A · AGENTE  
GERMANO

L: 5/7 cms.



Lámina 3

⑦




S · L · M

38,0 x 46,0 x 24,0 cms. L: 3,5 cms.



⑧

V · S · L · M



53,5 x 48,0 x 32,0 cms. L: 5,5 cms.



Lámina 4